

O presidente da Cámara reuniuse coas empresas que participan na misión comercial a Australia

Ferrol. 13/09/2010. O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato, reuniuse esta tarde co grupo de empresas do sector naval que participarán na expedición comercial que sairá o próximo sábado, día 18, con destino a Australia.

No curso desta reunión, na que se fixo entrega dos programas de traballo, Gato amosou a súa satisfacción pola resposta que tivo a convocatoria desta acción de promoción comercial, que conta coa participación de 24 empresas.

Tamén manifestou a intención da Cámara de apoiar a todas aquelas firmas da demarcación que queiran buscar oportunidades de negocio noutros mercados ao tempo que lamentou que se frustrase a iniciativa para irmandarse con Adelaida xa que suporía un importante respaldo institucional para as compañías de Ferrol e comarca que están intentando abrirse paso en Australia.

Os integrantes da misión serán recibidos o día 20 no aeroporto de Adelaida por representantes das entidades que colaboran coa Cámara na organización desta acción, entre eles o presidente da Cámara de Comercio Española en South Australia (SA), o cónsul honorario de España, a directora da área internacional do Departamento de Comercio e Desenvolvemento Económico e o director do Consello de Cámaras de Comercio Internacionais naquel estado.

Durante a súa estancia en Adelaida, a delegación ferrolá reunirase cos responsables de *Defence SA*, axencia gubernamental para asuntos relacionados coa área da defensa, e do *Defence Teaming Centre*, la asociación máis importante de empresas deste sector.

O programa de traballo, que se estenderá a Melbourne, incluírá visitas aos estaleiros de ASC e BAE Systems, compañías que participan nos contratos de Navantia co Ministerio de Defensa australiano, e contactos individuais cos representantes destas e outras empresas locais do sector, así como cos responsables de Navantia naquel país.

Para a organización desta misión, cóntase coa colaboración da Cámara Española de Comercio en Australia do Sur, da Oficina Comercial de España en Sydney e da propia Navantia.



RELACIÓN DE EMPRESAS PARTICIPANTES

Empresas apoiadas pola Cámara de Comercio de Ferrol

BUQUELAND

Actividade: control integral da calidade industrial, naval e offshore
Web: www.buqueland.com

DISEÑO NAVAL E INDUSTRIAL, S.L

Actividade: servizos técnicos de enxeñería.
Web: www.dinain.com

ELECTRORAYMA, S.L

Actividade: instalacións e montaxes eléctricos.
Web: www.electrorayma.com

ELECTROSHIPS GALICIA, S.L

Actividade: montaxes eléctricos.
Web: www.grupoausten.es

ELINCO CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.L

Actividade: instrucións eléctricas.
Web: www.elinco.es

FONTANERÍA KAYMA, S.L

Actividade: fontanería, xeotermia, placas térmicas, cubertas de cobre e zinc.
Web: www.fontaneria-kayma.com

GABADI, S.L

Actividade: habilitación naval.
Web: www.gabadi.com

INDUSTRIAL DE ACABADOS, S.A

Actividade: tratamento de superficies.
Web: www.indasa.com

INDUSTRIAS CÁNDIDO HERMIDA, S.L

Actividade: habilitación de barcos.
Web: www.candidohermida.com

MONTAJES Y REPARACIONES TURMOIL, S.L

Actividade: caldeiraría y mecánica en el sector naval.

NORINVER MONTAJES E INGENIERÍA, S.L

Actividade: montaxes, mantemento e enxeñería no sector eléctrico.
Web: www.norinver.com

TALLERES MAIZTEGUI, S.L

Actividade: elementos metálicos para construción naval.



TALLERES MECÁNICOS CODESAL, S.L

Actividade: elementos metálicos para construción naval.

TECNOLOGÍA Y MONTAJE, S.A

Actividade: montaxes e reparacións navais e industriais.

Web: www.tecnymo.es

Empresas apoiadas por ACLUNAGA

ATEIN NAVAL, S.A (ATENASA)

Actividade: illamentos térmicos, acústicos e calorifugados nos ámbitos naval, industrial e terciario.

Web: www.ateinnaival.com

CAMUYDE, S.L

Actividade: habilitación naval.

Web: www.camuyde.es

DIMEF INGENIERÍA, S.L

Actividade: deseño mecánico e de fabricación.

Web: www.dimef.com

HGA, S.L

Actividade: consultaría e informática.

Web: www.hga.es

INSDER, S.L

Actividade: caldeiraría.

MANTENIMIENTOS INTEGRALES DE FERROL, S.L

Actividade: limpeza industrial.

Web: www.mainfersl.es

MONTAGO

Actividade: industria naval (estrutura, propulsión, reparacións e mantemento)

Web: www.montago.es

TALLERES Y APLICACIONES DEL EUME, S.L

Actividade: aplicación de pinturas.

Web: www.tae-espana.com

TALLERES MECÁNICOS GALICIA, S.L

Actividade: caldeiraría.

Web: www.tamega.es

TECAIS, S.L

Actividade: deseño e fabricación de condutos de ventilación e aire acondicionado.

Web: www.tecais.com

